



NOTA INFORMATIVA
MATRÍCULA NO CEIP PLURILINGÜE PEDRO CASELLES ROLLÁN
PARA ALUMNADO DE NOVO INGRESO
CURSO ESCOLAR 2024-25

Comunícase que a partir do **1 de marzo de 2024** e ata o **20 de marzo de 2024** ábrese o prazo de matrícula para o alumnado de **novo ingreso para o curso 2024-25**.

Xunto co impreso oficial de matrícula, dispoñible na secretaría do centro ou na nosa páxina web <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippedrocasellesrollan/> , debe achegar a seguinte documentación:

- 2 fotocopias tamaño carné.
- Fotocopia do libro de familia (tanto da páxina na que aparecen as nais, os pais, titoras ou titores legais como da páxina na que aparece a nena ou o neno).
- Fotocopia dos DNI da nai e do pai ou das titoras ou titores legais no caso de non vivir cos proxenitores.
- Fotocopia do DNI da alumna ou do alumno (se o posúe).
- Fotocopia da tarxeta sanitaria.
- Certificado do padrón municipal.
- No caso de que exista separación dos proxenitores, con sentenza xudicial firme, achegar fotocopia da páxina na que quede recollida a decisión sobre a garda e custodia da alumna ou do alumno.

No caso do alumnado que teñan previsto permanecer no noso centro, non é preciso que presente ningún tipo de documentación, entendendo así que xa quedan matriculados para o próximo curso. No caso de que haxa variación da situación familiar, números de teléfono, etc... desde que se fixo a matrícula, débese comunicar esta información ao colexio.



En Xove, a, 1 de marzo de 2024

O director

Asdo: Jacobo Varela Rodríguez